



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDO ADOPTADO NA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 10 DE MAIO DE 2022

En relación á incidencia notificada ao decanato pola coordinadora da materia “Sistema xudicial español e proceso civil” do grao en Dereito, **acórdase por asentimento** remitir ao profesorado implicado un escrito consensuado no que se poña de manifesto, dentro do marco das competencias da Comisión de Calidade o seguinte:

- A necesidade de maior coordinación entre o profesorado para evitar que se repitan incidencias similares.
- A necesidade de cumprir o cronograma da materia, salvo desaxustes puntuais, e de garantir, en todo caso, que os posibles retrasos excepcionais na impartición do temario por parte dun docente non incidirán negativamente no desenvolvemento da docencia práctica ou teórica do resto de profesorado da materia nin causarán prexuízo ao alumnado.
- A necesidade de que o alumnado coñeza, con antelación suficiente á data do exame e coa maior certeza posible, o tema ou temas que, de ser o caso, deberán preparar pola súa conta.

DILIXENCIA para facer constar que o acordo adoptado na reunión extraordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada o día 10 de maio de 2022, se publicou no taboleiro de anuncios o día 12 de maio de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra o presente acordo, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es